



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AUGAS DE GALICIA. SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

O Concello de Alfoz solicita de Augas de Galicia a modificación da concesión outorgada no expediente de clave DH.A27.04882 para reflectir a globalidade do sistema de abastecemento. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o artigo 143 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.A27.79763

As características do aproveitamento son:

SOLICITANTE:	Concello de Alfoz
CAUDAL MÁXIMO INSTANTÁNEO:	4,97 l/s
VOLUME MÁXIMO ANUAL:	134.765,30 m3/ano
DESTINO:	Abastecemento municipal
ORIXE:	rego de Adelán, rego de Correlos e rego da Azoreira
mananciais:	Fonte Couso de Arriba, Fonte Couso de Abaixo e Fonte Curro
CONCELLO:	Alfoz

Descrición:

A presente solicitude ten como obxecto a concesión de augas para abastecemento municipal no concello de Alfoz, para as parroquias de Adelán, Bacoí, Carballido, O Castro de Ouro, Lagoa, S. Pedro de Mor e O Reirado.

O sistema de abastecemento conta con tres captacións de auga superficial e tres mananciais.

A captación de Arriba do Río realízase no rego da Azoreira, na parcela 27002A07000017 e consiste nunha toma lateral do leito mediante pozo de aros de formigón de 2 m de diámetro.

A captación do rego de Adelán realízase na parcela 27002A06900545 e consiste nunha toma lateral do leito mediante pozo de aros de formigón de 600 mm de diámetro.

A captación de Chao da Cabana realízase no rego de Correlos, na parcela 27002A04700094 e consiste nunha captación mediante depósito.

As captacións de mananciais realízanse mediante depósitos de formigón nos mananciais Fonte Couso de Arriba, Fonte Couso de Abaixo e Fonte Curro, nas parcelas 27002A05600145, 27002A04700032 e 27002A04700068 respectivamente.

Augas abaixo da captación do rego de Adelán sitúase a ETAP e depósito regulador de Adelán, na parcela 27002A06600038.

Augas abaixo das outras captacións sitúase a ETAP e depósito regulador de Alfoz, na parcela 27002A04800171.

As rede que parte das dúas estacións de tratamento está unidas entre as localidades do Cristo e Fachelas

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días naturais** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Alfoz ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla nº 70-2º andar, 27071, Lugo, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 14 de decembro de 2021.-O xefe do Servizo Territorial de Lugo – P.S. 18/08/2021 – O xefe do Servizo Territorial da Zona Hidrográfica Galicia-Norte – Néstor Rodríguez Arias (Sinatura dixital).

R. 3577

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE COOPERACIÓN E ASISTENCIA ÓS CONCELLOS

MODIFICACIÓN DAS BASES QUE REXERÁN A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2021.

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 10 de decembro de 2021, adoptou entre outros o seguinte acordo:

Modificar a base 7. **Gastos subvencionables**, do Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021, de forma que:

Onde di:

“2. Os gastos que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro da anualidade do 2021 (do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2021).

Poderá concederse unha prórroga do prazo de execución, por razóns debidamente xustificadas, de como máximo ata o 28 de febreiro de 2022.

Debe dicir:

“2. Os gastos que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen do 1 de xaneiro de 2021 ao 30 de xuño de 2022.

Lugo, 14 de decembro de 2021 .- O Presidente – P.D. Decreto de data 26-07-2019, O Deputado Provincial, Pablo Rivera Capón.

R. 3576

CONCELLOS

BURELA

Anuncio

Por Decreto da Alcaldía nº 2021-1148 de data 13/12/2021 apróbase a convocatoria e as bases reguladoras do proceso que se levará a cabo para a selección de 1 Oficial Primeira-Albanel ao abeiro do "Programa Fomento de Emprego" incluído no Plan Provincial Único de cooperación cos Concellos 2021:

“BASES PARA A CONTRATACIÓN COMO PERSOAL LABORAL NON PERMANENTE DE 1 OFICIAL DE PRIMEIRA-ALBANEL PARA A ÁREA DE OBRAS AO ABEIRO DO PROGRAMA "FOMENTO DO EMPREGO", INTEGRADO NO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2021.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento de selección que se levará a cabo para a contratación de persoal ao abeiro do "Programa Fomento de Emprego" incluído no Plan Provincial Único de cooperación cos Concellos 2021:

Nº prazas	Ocupación	Grupo de cotización	Duración contrato (en meses)	Xornada (%)
1	OFICIAL PRIMEIRA	8	6 (límite o 31/10/2022)	100%

Todo isto conforme o disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido la Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei 2/2015 de emprego público de Galicia, e demais normas concordantes de aplicación.

As bases íntegras publicaranse no BOP de Lugo, na sede electrónica (<https://burela.sedelectronica.es>) e no taboleiro de anuncios do Concello e estarán a disposición dos /das interesados no Rexistro Xeral do Concello; igualmente remitiranse á Deputación Provincial para a súa publicación na páxina web institucional.

Toda a documentación que se publique con posterioridade a convocatoria será obxecto de publicidade mediante o correspondente anuncio no taboleiro de edictos sito na casa consistorial e no taboleiro de anuncios dixital,

exclusivamente. O acceso ao taboleiro de anuncios dixital realizase a través da sede electrónica do Concello de Burela (<http://burela.sedelectronica.es>).

2.- DURACIÓN E TIPO DE CONTRATO

A natureza do contrato será laboral temporal na modalidade de contrato eventual por circunstancias da produción a tempo completo e a súa duración será de 6 meses a contar dende a súa sinatura, rematando en todo caso o 31 de outubro de 2022.

O/a aspirante seleccionado/a e contratado/a percibirá as retribucións establecidas no Convenio colectivo aplicable ao persoal laboral do Concello de Burela co seguinte desglose bruto mensual: salario grupo E (600,58 €), complemento de destino nivel 14 (334,02 €), complemento específico: 138,63 € e parte proporcional de paga extra (178,87 €).

3.- REQUISITOS DE ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Para ser admitidos/as á realización destas probas selectivas, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española ou ter nacionalidade doutro Estado co alcance que se sinala no artigo 57 do RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Acreditar a capacidade funcional para o desempeño das funcións propias do posto. En consecuencia non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desenvolvemento das funcións do cargo.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Estar en posesión de certificado de escolaridade ou título equivalente ou superior. No caso de alegar equivalencias de títulos achegarse o certificado ao efecto da Consellería de Educación ou organismo competente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán ter o documento que acredite fehacientemente a súa homologación.

e) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera a das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares as que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

f) Non atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade que determine a lexislación vixente.

g) Estar en posesión de permiso de conducir tipo B.

h) Ter a condición de persoa desempregada ou en situación de mellora de emprego. De acordo co establecido no último parágrafo do artigo 7.1 das Bases reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2021 "É imprescindible que as persoas a contratar a través deste programa produzan novas contratacións no concello, polo que a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa, quedando excluídos os custes de persoal referidos a traballadores incluídos no cadro de persoal vixente do concello."

Os requisitos citados deberán reunirse con referencia ó derradeiro día do prazo de presentación de instancias, debendo continuar en posesión dos mesmos durante todo o proceso selectivo.

Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do tribunal que algún dos/das aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, logo da audiencia do/da interesado/a, o tribunal de selección deberá propor ao alcalde a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

Así mesmo o Tribunal ten a facultade de poder excluír do procedemento selectivo a aquel/aquela aspirante que leve a cabo calquera actuación de tipo fraudulento na realización dos exercicios que integran o proceso.

4. - FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

4.1. Forma de presentación. Os/as interesados/as que desexen participar no proceso selectivo dirixirán as súas solicitudes ao Sr. Alcalde do Concello de Burela e presentaranas no Rexistro Xeral da citada entidade en horario presencial de 9,00 a 14,00 horas ou mediante rexistro telemático as 24 horas. Así mesmo poderán remitirse na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, de cara a axilización do proceso, os/as aspirantes que presentasen a instancia en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 deberán poñelo en coñecemento da entidade mediante fax (982585945) ou mediante correo electrónico (controldexestion@burela.org) antes de

rematar o prazo de presentación de solicitudes, remitindo o impreso de instancia debidamente cumprimentado e co selo de entrada no rexistro correspondente.

O impreso de instancia axustarase ao modelo oficial que se facilitará no Rexistro xeral do Concello, publicándose así mesmo na sede electrónica (<http://burela.sedelectronica.es>).

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos, deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo empregado do Servizo de Correos.

4.2. Prazo de presentación. O prazo de presentación será de oito (8) días hábiles contados dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP).

4.3. Forma de cumprimentar. A solicitude de participación no proceso selectivo deberá ser cumprimentada debidamente polos/as aspirantes e nela relacionarán, nos apartados correspondentes, os méritos que aleguen.

5.- DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACOMPAÑARSE NECESARIAMENTE Á SOLICITUDE.

a) Fotocopia do DNI ou tarxeta acreditativa da súa identidade no caso de estranxeiros.

b) Fotocopia do título académico esixido e do permiso de conducir.

c) Tarxeta de demanda de emprego actualizada ou documento acreditativo de estar desempleado ou, no seu caso, de mellora de emprego.

d) Documentación acreditativa dos méritos alegados.

Deberase acompañar á solicitude as xustificacións documentais debidamente compulsadas dos méritos que desexen alegar en relación coa praza que se convoca.

Non se valorarán os méritos que non estean acreditados documentalmente ou que, a xuízo do Tribunal, non estean suficientemente acreditados.

Os méritos aos que se fai referencia deberán posuírse na data de remate do prazo de presentación de instancias, computándose en calquera caso ata a citada data.

A non acreditación dos méritos alegados conforme se sinala no apartado anterior determinará que estes non serán tidos en conta polo Tribunal nin se valorarán aínda que se acrediten fora do prazo de presentación de instancias xa que non poderá emendarse. Tampouco se requirirá as persoas interesadas para que os acrediten.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que as persoas interesadas aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

Nos supostos de presentación por vía electrónica substitúese a esixencia de presentación de fotocopia da documentación pola de presentación de copia dixitalizada.

6.- LISTA DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS.

6.1. Lista provisional. Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución aprobando a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as (neste caso con indicación das causas que dean lugar á exclusión), que se fará pública na sede electrónica (<https://burela.sedelectronica.es>) e no Taboleiro de Edictos do Concello, exclusivamente.

Ademais, en dita resolución fixaranse os titulares e os suplentes que conformarán o Tribunal Cualificador.

Figurar na relación de admitidos non suporá que se lles recoñeza aos aspirantes estar en posesión dos requisitos esixidos nos procedementos que se convocan. Cando da documentación que debe presentarse logo de ter superado o procedemento de selección se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os/as interesados/as decaerán en tódolos dereitos que se puidesen derivar da súa participación no procedemento de selección.

6.2. Prazo de alegacións. Concederase un prazo improrrogable de 3 días hábiles para reclamacións á lista provisional e emenda de defectos, a contar dende o seguinte ao da súa publicación na sede electrónica e no Taboleiro de Edictos do Concello.

As alegacións deberán presentarse por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015.

Dado o carácter urxente da convocatoria, a presentación de reclamacións por calquera outro medio distinto ao de presentación no Rexistro Xeral do Concello de Burela, deberá se comunicada por fax (982585945) ou correo electrónico (controldexestion@burela.org) dentro do prazo de 3 días hábiles sinalado anteriormente.

O prazo de emenda non é de aplicación respecto dos méritos alegados pero non aportados. Os erros de feito poderanse emendar en calquera momento, de oficio ou por pedimento dos interesados, de acordo co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015.

6.3. Lista definitiva. As reclamacións/alegacións sobre as exclusións provisionais serán aceptadas ou rexeitadas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva, que se fará pública da mesma maneira que a provisional.

Para os efectos de axilizar o procedemento, de non presentarse reclamacións dentro do prazo establecido ou se as alegacións non foran suficientes para a súa consideración, a resolución de admitidos/as e excluídos/as

poderase entender elevada a definitiva, sen necesidade de nova publicación. No caso de non existir excluídos a lista provisional ditarase con carácter de definitiva.

7. -TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

7.1.- Composición do Tribunal. O Tribunal de selección acomodarse ao establecido nos artigos 60 e 61 do EBEP e estará integrado por 5 membros titulares e 5 suplentes (1 presidente e 4 vogais) podendo actuar indistintamente titulares e suplentes. O secretario será un dos vogais.

Os membros do Tribunal terán todos voz e voto.

O nomeamento dos membros titulares e suplentes que constitúan o Tribunal seleccionador, realizarase por Decreto da Alcaldía, debendo pertencer, en calquera caso, ao grupo/subgrupo de clasificación profesional de titulación de igual nivel ou superior ás esixidas para o acceso á praza/posto.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de polo menos tres dos seus membros, xa sexan titulares ou suplentes, e en todo caso requírese a asistencia do Presidente e do Secretario ou dos seus suplentes. De tódalas reunión que faga o Tribunal, o secretario/a redactará acta.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningún.

Na composición do Tribunal de selección tenderase á paridade entre homes e mulleres. Non poderán formar parte dos Tribunais de selección as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos, persoal laboral temporal e o persoal eventual nin as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A Resolución pola que se aprobe a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos coa designación dos membros do Tribunal que incluíra os seus respectivos suplentes, farase pública na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello a efectos de recusación.

7.2.- Abstención e recusación. Os membros do Tribunal de selección deberán absteranse de intervir, comunicándollo ao órgano convocante, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e cando tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria

O Presidente poderá requirir aos membros do mesmo declaración expresa de non atoparse incurso en causa de abstención.

Así mesmo, os interesados poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada norma.

7.3.- Actuación do Tribunal. O Tribunal de selección constituirase na data que designe a Alcaldía, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos seus membros titulares ou suplentes, coa presenza, en todo caso, do Presidente e do Secretario. Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo.

A partir da sesión de constitución, o Tribunal de selección, para actuar validamente, requirirá que estean presentes a maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ao disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e ás bases reguladoras da correspondente convocatoria.

O Tribunal de selección resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan a carón da aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan producir durante a realización do sistema selectivo, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde en todo o que non estea previsto nas bases.

Os membros do Tribunal son persoalmente responsables do cumprimento das bases da convocatoria e da suxeición aos prazos establecidos para a realización e valoración das probas e para a publicación dos seus resultados.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, xa citada.

8. - SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO-OPOSICIÓN.

O sistema de selección é o de concurso-oposición.

8.1.- FASE DE OPOSICIÓN.

Consistirá na realización dunha proba práctica relacionada coas tarefas a desempeñar, a proposta do Tribunal e coa duración que este órgano de selección determine con carácter previo ao seu inicio.

Puntuarase cun máximo de 10 puntos, quedando eliminados aqueles/as que no obteñan un mínimo de 5 puntos.

Corresponderalle ao Tribunal determinar o nivel mínimo de coñecementos esixido para a superación desta proba.

O Tribunal poderá realizar as preguntas e aclaracións que considere necesarias sobre a materia obxecto da proba. Quedan excluídos/as do proceso as persoas aspirantes que non comparezan.

8.2. CONCURSO DE MÉRITOS

Rematada a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso ás persoas aspirantes que superasen a proba práctica. Puntuación máxima nesta fase: 6 puntos.

Non terá carácter eliminatorio e nela valorarase o seguinte:

A) Experiencia: ata un máximo de 1,50 puntos.

a) Por cada mes completo de servizos prestados na Administración Pública como albanel: 0,10 puntos ata un máximo de 1 punto.

b) Por cada mes completo de servizos prestados en entidades privadas como albanel: 0,15 puntos ata un máximo de 0,50 puntos.

Non se computarán servizos prestados por tempo inferior a un mes e os meses consideraranse de 30 días naturais, contados dende o inicio de cada contrato ata a súa data de finalización. O computo dos días de experiencia profesional realizarase conforme aos días acreditados na certificación de servizos prestados ou no informe de vida laboral.

B) Titulacións académicas:

Por estar en posesión de calquera titulación académica oficial de igual ou superior nivel ao esixido para o desempeño do posto, con exclusión da presentada como necesaria para acceder a este proceso: 0,50 por título, cun máximo de 1 punto.

C) Cursos de formación, xornadas, congresos e convencións en materias relacionadas coas funcións do posto convocado, por cada un:

- De 10 a 50 horas: 0,10 puntos

- De 51 a 100 horas: 0,25 puntos.

- De 101 ou máis horas: 0,50 puntos.

Puntuación máxima neste apartado: 2 puntos.

De non figurar as horas de duración entenderase que teñen menos de 10 horas.

D) Cursos oficiais de lingua galega ou validación correspondente. Ata un máximo de 0,50 puntos.

- Celga 1, certificado do curso de nivel elemental de lingua e cultura galegas para estranxeiros impartido polas universidades de Galicia ou equivalente: 0,10 puntos.

- Celga 2, título de graduado escolar ou técnico auxiliar, sempre que se estudase toda a EXB ou primaria en Galicia e se cursase de maneira oficial a materia de lingua galega en todos os cursos dos ditos estudos ou equivalente: 0,20 puntos.

- Celga 3, curso de iniciación, a súa validación, a proba libre de iniciación, curso de nivel elemental de lingua e cultura galegas para estranxeiros, 1º curso Escola Oficial de Idiomas: 0,25 puntos.

- Celga 4, Curso de perfeccionamento da lingua galega, a súa validación, curso básico de linguaxe administrativa galega, curso básico de linguaxe xurídica galega e curso de nivel medio de lingua e cultura galega para estranxeiros, 1º e 2º e 3º curso da escola oficial de idiomas; 0,50 puntos.

Neste apartado non poderán acumularse as puntuacións polos distintos cursos, puntuándose, en consecuencia, polo curso de nivel superior.

E) Cursos de prevención de riscos laborais. Ata un máximo de 0,50 puntos.

- Ata 50 horas (equivalente o curso "on line" de 60 h): 0,10 puntos

- de 51 a 300 horas: 0,25 puntos

- máis de 300 horas: 0,50 puntos

F) Por estar en posesión de permiso de conducir tipo C: 0,50 puntos.

Ningún mérito poderase utilizar para puntuar en máis dun apartado.

9.-FORMA DE ACREDITAR OS MÉRITOS

9.1. Experiencia profesional: copia compulsada dos contratos de traballo inscritos no Servizo Público de Emprego aos que deberá achegarse en todo caso, certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social ou certificado de empresa.

Estes documentos poderán ser substitutos por unha certificación de servizos expedida polo órgano competente no caso de que se prestaran na Administración Pública sempre que quede acreditado de forma clara e expresa a ocupación e período traballado.

9.2. Titulacións académicas: copia compulsada do documento acreditativo de posuír a titulación correspondente ou certificación académica dos estudos realizados.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá posuír o documento que acredite de maneira fidedigna a súa homologación

9.3. Cursos, seminarios, xornadas ou similares: copia compulsada do correspondente diploma no que debe constar a duración do curso en horas e, como mínimo, o título do mesmo ou ben certificación expedida polo organismo que o impartiu no que se fagan constar os mesmos datos.

Non se valorarán os cursos que non acrediten as datas de realización e as horas de duración nin os cursos que a xuízo do Tribunal non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións do posto.

9.4. Permiso de conducir: Fotocopia compulsada do permiso de conducir.

10.- LUGAR, DATA E CELEBRACIÓN DA PROBA PRÁCTICA.

Determinarase unha vez que remate o prazo de presentación de instancias, facéndose público no mesmo anuncio que a listaxe provisional de admitidos/as ao proceso.

Quedarán excluídos/as do proceso os/as aspirantes que non comparezan.

Os/as aspirantes serán convocados en chamamento único, sendo excluídos/as do proceso os/as que non comparezan.

Os/as aspirantes deberán presentarse provistos/as do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal.

Comezado o exercicio, os membros do Tribunal Cualificador poderán requirir en calquera momento aos concorrentes respectivos para que acrediten a súa identidade, acordando o Tribunal Cualificador efectuar as expulsións que procedan.

11.- CUALIFICACIÓN FINAL.

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nas distintas fases do proceso de selección para aquelas persoas aspirantes que teñan superada a proba práctica, establecendo para estes efectos a orde definitiva de aspirantes seleccionados/as.

No suposto de empate nas puntuacións finais de dous ou máis aspirantes, este resolverase a favor do/da aspirante que obtivese maior puntuación na proba práctica. De persistir o empate, este resolverase a favor daquel/a aspirante que obtivese maior puntuación na fase de concurso e de persistir, estarase aos apartados do baremo pola orde establecida na base 8.2.

Unha vez fixadas as cualificacións finais, o Tribunal publicará na sede electrónica (<https://burela.sedelectronica.es>) e no Taboleiro de Edictos do Concello a relación dos/das aspirantes que superaron o proceso selectivo por orde de puntuación.

12.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN.

Rematadas as probas o Tribunal aprobará a relación de aspirantes en orde de maior a menor puntuación total, propoñendo ao Sr. Alcalde para a súa contratación ao/á aspirante que encabece dita relación, sen que poidan ser propostos máis aspirantes que postos a cubrir.

As propostas de selección que contraveñan este límite serán nulas de pleno dereito.

A proposta publicarase na sede electrónica e no Taboleiro de Edictos do Concello.

13.-PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

No prazo de 5 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación da proposta de selección na forma sinalada na base 12ª (prazo que poderá ampliarse cando os seleccionados acrediten que non puideron presentar algún documento por causas alleas á súa vontade), os/as aspirantes propostos/as presentarán con anterioridade á sinatura do contrato a documentación acreditativa dos requisitos expresados na Base 3ª:

a) Copia auténtica ou fotocopia compulsada do DNI ou tarxeta acreditativa da súa identidade no caso de estranxeiros.

b) Copia auténtica ou fotocopia compulsada do título académico esixido

c) Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.

d) Declaración responsable de non ter sido separados do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

e) Certificado actualizado da Oficina do Servizo Público de Emprego da localidade onde estea inscrito como desempleado/mellora de emprego, no que conste esta circunstancia.

f) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social onde conste o correspondente número de afiliación e certificación do número de conta bancaria cos 20 díxitos para o ingreso da nómina.

Se o/a aspirante non presentase a documentación ou do exame da mesma se infira que carece dalgún dos requisitos relacionados na Base 3ª, non poderá ser contratado/a e perderá tódolos seus dereitos, sen prexuízo das responsabilidades en que houberse podido incurrir.

No caso de presentarse a documentación a través da sede electrónica do Concello de Burela, admitirase que se acredite mediante a achega de copia auténtica (cos requisitos e conforme ao establecido no artigo 27 da Lei 39/2015, do 2 de outubro), documento electrónico orixinal ou que conteña un código xerado electronicamente ou outro sistema de verificación que permita contrastar a autenticidade da copia mediante o acceso aos arquivos electrónicos do órgano ou organismo público emisor.

14.- RESOLUCIÓN E CONTRATACIÓN .

Á vista da proposta do Tribunal e constatado que os/as aspirantes acreditaron os requisitos esixidos para acceder á praza que se convocan, o Alcalde resolverá o procedemento selectivo decidindo a contratación como persoal laboral non permanente.

Ata que non se formalice o contrato, o/a aspirante proposto/a non terá dereito a percibir cantidade económica algunha.

15.- ELABORACIÓN DUNHA lista DE RESERVA .

O Tribunal establecerá unha lista de reserva cos/coas aspirantes que teñan superado o proceso e por rigoroso orde de puntuación, para cubrir as vacantes que se poidan producir antes da sinatura ou durante o prazo de duración do contrato. Os chamamentos ofreceranse no momento no que se produzan necesidades de cobertura temporal que a entidade decida atender, chamando sempre por orde de lista de reserva. De darse o caso, o/a aspirante deberá presentar no concello con carácter previo á formalización do contrato a documentación recollida na cláusula 12ª.

16.- DEREITO SUPLETORIO E XURISDICIÓN.

O Tribunal poderá resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo.

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local e demais normas que resulten de aplicación, instándose aos órganos competentes da Xurisdición Contencioso-Administrativa para dirimir as controversias que se produzan na aplicación dos mencionados instrumentos xurídicos.

17.- RECURSOS.

Contra a resolución pola que se aproban as bases desta convocatoria, que é definitiva en vía administrativa, poderán os/as interesados/as interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Burela, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación segundo o previsto nestas bases ou directamente recurso contencioso administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

18.- DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As persoas interesadas autorizan ao Concello de Burela á publicación no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello, dos datos persoais que consten no expediente da selección e que sexa necesario publicalos de conformidade con estas bases. A presentación da documentación requirida para participar no proceso de selección presumirá o consentimento para publicar a información nos termos indicados.”

Burela, 14 de decembro de 2021.-O alcalde, Alfredo Llano García.

R. 3578

CARBALLEDO

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DOS ORZAMENTOS XERAIS DO CONCELLO DE CARBALLEDO PARA O EXERCICIO 2022

Non constando a presentación de reclamacións ao Orzamento Xeral do Concello de Carballedo para o exercicio 2022, aprobado inicialmente en sesión extraordinaria celebrada con data 11 de novembro de 2021 polo Pleno municipal, o expediente considérase definitivamente aprobado, e procédese a súa inserción no Boletín Oficial da

Provincia resumido por capítulos, conforme ao disposto no artigo 169.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo.

ESTADO DE GASTOS

Cap.	Descrición	Consignación	(%)
1	GASTOS DE PERSONAL	1.535.383,20	63,406
2	GASTOS CORRIENTES EN BIENES Y SERVICIOS	731.670,58	30,215
3	GASTOS FINANCIEROS	2.700,00	0,112
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	54.452,00	2,249
5	FONDO DE CONTINGENCIA Y OTROS IMPREVISTOS	23.275,00	0,961
6	INVERSIONES REALES	50.946,62	2,104
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	0,00
8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00	0,00
9	PASIVOS FINANCIEROS	23.083,30	0,953
	TOTAL	2.421.510,70	100,000

ESTADO DE INGRESOS

Cap.	Descrición	Consignación	(%)
1	IMPUESTOS DIRECTOS	691.547,66	28,56
2	IMPUESTOS INDIRECTOS	25.000,00	1,03
3	TASAS, PRECIOS PÚBLICOS Y OTROS INGRESOS	695.397,48	28,72
4	TRANSFERENCIA CORRIENTES	1.009.565,56	41,69
5	INGRESOS PATRIMONIALES	0,00	0,00
6	ENAJENACION DE INVERSIONES REALES	0,00	0,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	0,00
8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00	0,00
9	PASIVOS FINANCIEROS	0,00	0,00
	TOTAL	2.421.510,70	100,000

Carballedo, 13 de decembro de 2021.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 3579

LOURENZÁ

Anuncio

EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA P.A.I. DECEMBRO 2021

EXPOSICIÓN O PÚBLICO

Por Resolución de Alcaldía de data o día 01 de Agosto de 2019, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (P.A.I.) correspondente ao mes de decembro de 2021 por importe de cincocentos setenta e catro euros con vinte céntimos (574,20).

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contador a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulan ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade con artigo 253.1 da citada lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante a Sra. Alcaldesa-Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

O prazo de cobro, en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargas de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei Xeral Tributaria.

A presente publicación, nos dous supostos , de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei Xeral tributaria.

Lourenzá,7 de decembro de 2021.- A Alcadesa, Rocío López García.

R. 3580

Anuncio

EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA S.A.F. NOVIEMBRE 2021

EXPOSICIÓN O PÚBLICO

Por Resolución de Alcaldía de data o día 09 de decembro de 2021, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente o mes de Novembro de 2021 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de tres mil oitocentos euros con cincuenta e tres céntimos de euro(3.800,53€) , dos que dous mil novecentos noventa e cinco euros con cincuenta e tres céntimos de euro (2.995,53€) correspondente a dependencia , e oito centos cinco euros (805,00€) son de libre concorrencia.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días , contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública , non se formula ningunha reclamación.

Así mesmo , e de conformidade con artigo 253.1 da citada Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante a Sra. Alcadesa-Presidente , no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

O prazo de cobro , en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargas de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei Xeral Tributaria.

A presente publicación, nos dous supostos , de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei Xeral tributaria.

Lourenzá, 09 de decembro de 2021.- A Alcadesa, Rocío López García.

R. 3581

MEIRA

Anuncio

Por Resolución da alcaldía de data 14 de decembro de 2021, aprobose o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiros, lixo e canon de auga da Xunta, correspondente o 5º. **bimestre do exercicio 2021**, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 14 de decembro de 2021 ao 14 de febreiro de 2022.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións de tributos municipais incorporadas a éste, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interponerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a exixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da

Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Meira, 14 de decembro de 2021.-O alcalde , Antonio de Dios Álvarez.

R. 3582

MONDOÑEDO

Anuncio

EXPOSICION O PUBLICO E RECADACION DE IMPOSTOS

En Xunta de Goberno Local de 30 de novembro de 2021 aprobouse o Padrón da TAXA POR RECOLLIDA DO LIXO DO 6º BIMESTRE DO 2021.

De conformidade co establecido na Lei Xeral Tributaria e nas Ordenanzas Municipais reguladoras, EXPONSE AO PUBLICO o devandito padrón para que as persoas interesadas, no PRAZO DE QUINCE DIAS contados a partires do anuncio no B.O.P., poidan examinalo e formular as reclamacións que estimen oportunas.

Asemade, faise saber que a taxa obxecto deste anuncio estará ó cobro en PERIODO VOLUNTARIO na oficina de Recadación Municipal, sita na Casa Consistorial, de luns a venres, dende o día 1 de xaneiro ao 28 de febreiro do 2021, en días hábiles.

Rematado o prazo en período voluntario os recibos non pagados serán cargados aos Servicios de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo para a súa exacción pola vía de constrinximento cos recargos e demais conceptos esixibles (intereses, costas, etc.) de conformidade co disposto no artg. 97 e seguintes do R.X. de Recadación.

Mondoñedo, 13 de decemro de 2021.- O Alcalde, Manuel A. Otero Legide.

R. 3583

PORTOMARÍN

Anuncio

Obxecto: Información pública a efectos de exame do expediente e reclamacións

Expediente 499/2021.Procedemento: Modificación de crédito. Modalidade: crédito extraordinario, financiado mediante anulacións ou baixas de créditos doutras aplicacións do Orzamento vixente non comprometidas.

Prazo: 15 días a contar desde o seguinte ao da publicación no BOP

Efectos: O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Regulación legal: Artigo 177.2, en relación co artigo 169 da Lei de Facendas Locais (RDlex 2/2004)

RESUMO:

Incrementos:

P. Ptaria	DENOMINACION	INCREMENTAR
454-619	OTRAS INV.REPOSICION INFRAESTRUC.,BIENES USO GRAL	24.697,00
231-227	TRABAJOS REALIZADOS POR OTRAS EMPRESAS Y PROFESIONALES	16.000,00
920-227	TRABAJOS REALIZADOS POR OTRAS EMPRESAS Y PROFESIONALES	5.000,00
920-226	GASTOS DIVERSOS	400,00
TOTAL		46.097,00

Anulacións ou baixas de créditos:

P. Ptaria	DENOMINACION	MINORACION
165-221	SUMINISTROS	-9.000,00
165-227	TRABAJOS REALIZADOS POR OTRAS EMPRESAS Y PROFESIONALES	-2.500,00
160-221	SUMINISTROS	-1.500,00
151-120	RET. BASICAS	-8.697,00
338-480	A FAMILIAS E INSTITUC. SIN FINES DE LUCRO	11.400,00

15-121	RET. COMPLEMENTARIAS	-10.000,00
161-221	SUMINISTROS	-3.000,00
TOTAL		46.097,00

Portomarín, 14 de decembro de 2021.- O alcalde, Pablo Rivas Folgueira.

R. 3584

RIOTORTO

Anuncio

Aprobada a oferta de emprego público para o ano 2022, por Decreto da Alcaldía de data 14 de decembro 2021 faise pública mediante este edicto:

OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA O ANO 2022

Persoal funcionario:

Denominación	Clasificación	Número de prazas	de	Sistema de selección	de	Grupo
Traballadora Social	Escala Administración Especial, Subescala Técnica	1		Concurso-oposición		A2

Persoal laboral fixo:

Denominación	Número de prazas	Sistema de selección	Grupo
Axente de Emprego e Desenvolvemento Local	1	Concurso-oposición	A1/A2

Riotorto, 14 de decembro de 2021.-O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 3585

XERMADE

Anuncio

ANUNCIO APROBACIÓN DEFINITIVA ORZAMENTO 2022

Non téndose presentado reclamacións ao orzamento municipal para o exercicio de 2022, aprobado inicialmente en sesión plenaria de 18 de novembro de 2021, e publicado no BOP de Lugo nº 267 de data 20 de novembro de 2021, de acordo co artigo 169 do RD Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, queda definitivamente aprobado e faise público que dito Orzamento ascende, tanto en gastos como en ingresos, á contía de **1.894.568,77€ (UN MILLÓN OITOCENTOS NOVENTA E CATRO MIL CINCOCENTOS SESENTA E OITO EUROS E SETENTA E SETE CÉNTIMOS)**, así coma toda a documentación e anexos a el incorporados, asignándose a cada un dos Capítulos as seguintes cantidades:

ORZAMENTO DE GASTOS 2022		ORZAMENTO DE INGRESOS 2022	
OPERACIÓNS CORRENTES		INGRESOS CORRENTES	
CAPITULO 1	417.317,76	CAPITULO 1	508.021,60
CAPITULO 2	1.319.740,74	CAPITULO 2	10.000,00
CAPITULO 3	1.000,00	CAPITULO 3	293.569,60
CAPITULO 4	62.045,33	CAPITULO 4	1.081.369,57

CAPITULO 5	0,00	CAPITULO 5	1.608,00
Total Gastos Correntes:	1.800.103,83	Total Ingresos Correntes:	1.894.568,77
OPERACIONES CAPITAL		INGRESOS DE CAPITAL	
CAPITULO 6	42.864,94	CAPITULO 6 -----	
CAPITULO 7	51.600,00	CAPITULO 7 -----	
CAPITULO 8 -----		CAPITULO 8 -----	
CAPITULO 9 -----		CAPITULO 9 -----	
Total Gastos Capital:	94.464,94	Total Ingresos Capital:	0,00€
TOTAL GASTOS:	1.894.568,77€	TOTAL INGRESOS:	1.894.568,77€

Aprobase, así mesmo, e de conformidade co disposto polo art. 90 da Lei 7/1985, do 2 de abril en relación co art. 126.1 do Real decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, o

CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE XERMADE PARA O ANO 2022

DENOMINACIÓN PRAZA	Nº PRAZAS	GR/N	CE anual	SIT.	RX	OBSERVACIÓNS SOBRE A PRAZA O/OU POSTO ACTUAL EXISTENTE
Secretario/a-Interventor/a	1	A1/A2/26	20.950,00	O	FHN	Posto ocupado pola titular
Técnico/a Medio de Admon especial, Educador/a familiar	1	A2/18	6.100,00	O	F	Posto ocupado pola titular
Técnico/a Medio de Admon especial, Traballador/a Social	1	A2/20	7.100,00	V	F	Posto ocupado por funcionaria interina
Técnico/a Medio de Admon especial, Técnico/a Local de Emprego	1	A2/18	8.150,00	O	F	Posto ocupado polo titular
Técnico/a urbanismo, medio ambiente e obras	1	A1/22	5.688,00	V	F	Xornada parcial Posto vacante
Operario/as de servizos múltiples	2	C2/12	3.000,00	V	F	Postos vacantes
Auxiliar Admón. Xeral	1	C2/16	6.000,00	O	F	Posto ocupado polo titular
	1	C2/16	3.500,00	O	F	Posto ocupado pola titular
	1	C2/16	3.500,00	O	F	Posto ocupado pola titular
Auxiliar de Administración Especial.- Auxiliar Biblioteca	1	C2/16	3.500,00	O	F	Posto ocupado pola titular

Xermade, 15 de decembro de 2021.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 3587

Anuncio

Aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos núm. 2021/TC/04.

Tendo sido definitivamente aprobado polo Pleno deste Concello o expediente de transferencia de crédito 2021/TC/04, por importe de 24.300,00 euros, por acordo adoptado en sesión celebrada o 18 de novembro de 2021, e polo transcurso do prazo de 15 días de exposición ao público sen que se presentaran alegacións, en cumprimento do disposto no artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, publícase o resumo de dito orzamento a nivel de capítulos, unha vez efectuadas as oportunas modificacións, quedando como se detalla:

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	CONSIGNACIÓN ANTERIOR	CONSIGNACIÓN DEFINITIVA
A) OPERACIÓNS CORRENTES			
1	Gastos de persoal	578.370,83	561.370,83
2	Gastos en bens correntes e servicios	1.384.573,31	1.395.373,31
3	Gastos financeiros	1.000,00	1.000,00
4	Transferencias correntes	58.020,79	54.340,79
5	Fondo de Continxencia	3.463,44	3.463,44
B) OPERACIÓNS DE CAPITAL			
6	Investimentos reais	786.430,97	796.220,97
7	Transferencias de capital	0,00	0,00
TOTAL GASTOS		2.811.859,34	2.811.859,34

Xermade, 15 de decembro de 2021.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 3588

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) - DEPUTACIÓN

Anuncio

EXTRACTO DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACION PROVINCIAL DE BDNS (Identif.): 576902

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/576902>)

BDNS (identif): 576902

De conformidade co previsto nos artigos 17.3b e 20.8a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da modificación das bases reguladoras cuxo texto completo pódese consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións.

(<http://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/index>).

Modificar a base 7. Gastos subvencionables, do Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021, de forma que:

Onde di:

2. Os gastos que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro da anualidade do 2021 (do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2021).

Poderá concederse unha prórroga do prazo de execución, por razóns debidamente xustificadas, de como máximo ata o 28 de febreiro de 2022.

Debe dicir:

2. Os gastos que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen do 1 de xaneiro de 2021 ao 30 de xuño de 2022.

LUGO, 14 DE DECEMBRO DE 2021.- O Presidente P.D. Decreto de data 26-07-2019, O Deputado Provincial, Pablo Rivera Capón.

R. 3586
